




FERVENZAS SERRA DE MEIRA-EO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Ribeira de Piquín-San Xurxo: 2 km
Ribeira de Piquín-Louseira: 11,5 km
A pé: 8,5 km

Dificultade: media

Duración: 4 horas



A abrupta caída cara ao Eo da Serra de Meira fai que os regos que baixan por ela teñen que salvar grandes desniveis que orixinan ferrenzas.

Nesta ruta visitamos dúas nos concellos de Meira e Ribeira de Piquín.

1-Pena dos Portelos

En San Xurxo (Ribeira de Piquín), no Rego de Survial do Couso que fai linde co concello de Meira. O río cae nun barranco de lousas moi fondo e escuro dunha altura de máis de 15 m. O camiño atravesa unha fraga ben conservada na que se poden ver bos exemplares de castiñeiros e carballos.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Chao do Pousadoiro a Meira cóllese á dereita o cruce a Damil e San Xurxo. Desde San Xurxo sóbese por unha pista á esquerda que está sinalizada polos alumnos da escola nun proxecto de Voz Natura. O percorrido son 3,5 km ida e volta.

2-A Mexadoira

En Seixosmil (Meira), no rego de Murias ou dos Teixos. O río cae sobre lousas dunha altura de máis de 15 m nun entorno de bosque autóctono moi ben conservado.

COMO CHEGAR:

Desde Ribeira de Piquín cóllese a estrada a Meira e despois o desvío a Seixosmil e continúaase ata a Louseira. Desde alí collese unha pista de terra que cruza a aldea e baixa cara ao río. Nesta pista cóllese o cuarto cruce á esquerda que un pouco máis abaixo coincide coa ruta Miño-Eo e seguindo as indicacións en dirección a Meira chégase á ferrenza (5 km ida e volta).

Esta ferrenza tamén se pode visitar seguindo a ruta Miño-Eo que está indicada desde o Pedregal de Irimia (8 km ata a ferrenza).



Pena dos Portelos



A Mexadoira